

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Economía e Facenda

Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

A Lei 5/1992, do 10 de xuño, crea o Instituto Galego de Promoción Económica, calificándoo como un ente de dereito público con personalidade e patrimonio propios, adscrito á Consellería de Economía e Facenda. Constitúe un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsa-lo desenvolvemento competitivo do sistema productivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación de emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo.

A súa natureza, fins, funcións, organización, así como os seus recursos, réxime económico, persoal e control, encóntranse regulados na dita lei, se ben en determinados aspectos, en particular a súa organización require o seu axeitado desenvolvemento regulamentario.

A propia Lei 5/1992 prevé expresamente a canle regulamentaria para o seu oportuno desenvolvemento. Así, no seu artigo 8 desíre ó regulamento a determinación da estrutura do Consello de Dirección, igual que fai o seu artigo 13 respecto á regulamentación dos membros e funcionamento do Consello Asesor.

Pero, con independencia das ditas remisións ó regulamento en aspectos concretos, a disposición final primeira contén unha autorización ó Consello da Xunta de Galicia para que, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e dentro do prazo de seis meses desde a entrada en vigor da lei, dicte tódalas disposicións que sexan necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Precisamente no uso das citadas habilitacións específicas, así como da xenérica contida na referida disposición derradeira primeira, díctase agora o presente decreto, como regulamento de desenvolvemento da Lei 5/1992.

Non obstante, o decreto circunscríbese a aqueles aspectos concretos que están necesitados dun desenvolvemento específico, evitando na medida do posible a reiteración no decreto dos preceptos da lei, excepto no preciso para lle dar un contido coherente e harmónico. Ten, por isto, un marcado carácter organizativo.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día doce de novembro de mil novecentos noventa e dous,

DISPOÑO:

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1º

De acordo co establecido na Lei 5/1992, do 10 de xuño, o Instituto Galego de Promoción Económica (IGA-

PE) é un ente de dereito público, con personalidade xurídica e patrimonio propios, adscrito á Consellería de Economía e Facenda, coas funcións que se lle atribúen no artigo 4 da citada Lei 5/1992. O IGAPE regúlase polo disposto na devandita lei, no presente decreto, e nas demais normas de desenvolvemento que se dicten.

Artigo 2º

1. Son órganos de goberno do IGAPE o Consello de Dirección, o presidente e o director.

2. Existirá ademais un Consello Asesor como órgano de consulta e asesoramento.

CAPÍTULO SEGUNDO. O CONSELLO DE DIRECCIÓN.

Artigo 3º

O Consello de Dirección estará formado por un número impar de membros, comprendido entre un mínimo de cinco e un máximo de nove. En todo caso, terán representación os conselleiros de Industria e Comercio, de Agricultura, Gandería e Montes, de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e de Traballo e Servizos Sociais. Correspóndelle o seu nomeamento ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, de entre os membros do Goberno e da Administración autonómica. Tamén corresponde ó consello a súa destitución.

Artigo 4º

Presidirá o Consello de Dirección o presidente do IGAPE ou a persoa en quen delegue.

Correspóndelle, en canto presidente do Consello de Dirección, as seguintes funcións:

a) Convocar e presidir-las reunións do Consello de Dirección, así como fixa-la orde do día.

b) Asegura-la regularidade das deliberacións.

c) Da-lo visto e prace ás actas e certificacións das reunións.

d) Coordina-la actuación dos membros do Consello, así como das comisións que, se é o caso, poidan crearse dentro del.

e) Calquera outra que delegue nel especificamente ou lle encomende o Consello de Dirección.

Artigo 5º

O Consello de Dirección nomeará un secretario que actuará con voz pero sen voto. O dito nomeamento poderá recaer en persoa adscrita á estrutura administrativa do Instituto.

Son funcións do secretario:

a) Levantar acta das sesións, dar fe dos acordos, e expedir-las certificacións, todo isto co visto e prace do presidente.

b) Custodia-los libros de actas.

c) Calquera outra que lle encomende o presidente do

Consello de Dirección e esta relacionada co funcionamento do propio Consello.

Artigo 6º

1. Para o exercicio das funcións do Consello de Dirección poderá crearse dentro del unha comisión delegada así como outras comisións de estudo e proposta.

2. A creación das comisións, así como a determinación da súa composición, funcións e cometidos, corresponderá ó propio Consello.

Artigo 7º

1. Corresponderán ó Consello de Dirección as seguintes funcións:

a) Orienta-la actuación do IGAPE, dentro das liñas marcadas pola Xunta de Galicia.

b) Aprobar, por proposta do director, as liñas estratéxicas de actuación do IGAPE e o programa anual de actividades.

c) Decidir sobre tódalas cuestións relacionadas coa organización, funcionamento e operacións que teña que realiza-lo Instituto, sen prexuízo das facultades e funcións delegadas e atribuídas ó director.

d) Aproba-lo anteproxecto de presuposto, que se remitirá á Consellería de Economía e Facenda para a súa inclusión no proxecto de presuposto xeral da Comunidade Autónoma.

e) Acorda-la celebración de contratos e convenios.

f) Decidir sobre aqueles asuntos que lle someta o presidente.

g) Aproba-la memoria anual, o balance e a conta de perdas e ganancias, que se remitirán ó Consello de Contas.

h) Nomear e destituí-lo director, por proposta do seu presidente.

2. O Consello de Dirección poderá delegar no presidente do IGAPE ou no director calquera función específica.

Artigo 8º

1. O Consello de Dirección reunirse polo menos catro veces ó ano, logo de convocatoria do seu presidente. A convocatoria producirase por iniciativa deste ou se o solicita cando menos un tercio dos seus membros.

2. Agás en casos de urxencia, cada convocatoria realizarse polo menos con corenta e oito horas de anticipación á data da correspondente sesión, e a ela deberá necesariamente xuntarse a oportuna orde do día.

3. O órgano quedará constituído se concorren cando menos a metade dos seus membros, ademais do presidente e do secretario, ou quen os substitúa. De non conseguirse tal maioría en primeira convocatoria, quedará constituído en segunda, bastando entón a concurrencia da terceira parte dos devanditos membros, ademais do presidente e do secretario, ou quen os substitúa.

4. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberán transcorrer polo menos vinte e catro horas, podendo

se-la propia orde de convocatoria inicial a que inclúa unha referencia a ambas.

5. Non obstante, quedará validamente constituído o Consello de Dirección cando, sen cumprirse os anteriores requisitos de convocatoria, asistan á reunión tódolos seus membros e así o acorden por unanimidade. Neste caso, unha vez constituído o órgano, a orde do día deberá acordarse por maioría absoluta dos seus membros.

6. Os acordos adoptaranse por maioría de votos. En caso de empate, dirimirá o voto do presidente.

7. No non previsto no presente decreto será de aplicación o réxime establecido con carácter xeral na lexislación sobre procedemento administrativo.

CAPÍTULO TERCEIRO. O PRESIDENTE.

Artigo 9º

1. O presidente, nato, do IGAPE é o conselleiro de Economía e Facenda.

2. Correspóndenlle ó presidente, á parte das competencias anteriormente referidas en canto presidente do Consello, as seguintes funcións:

a) Promover, dirixir e supervisa-las actividades do IGAPE, así como a súa estrutura de persoal.

b) Representa-lo IGAPE en toda clase de actos ou negocios xurídicos, así como exercer no seu nome as accións e recursos que procedan.

c) Velar polo cumprimento das directrices de actuación marcadas pola Xunta de Galicia.

d) Propoñe-la adopción das disposicións regulamentarias necesarias para a organización e funcionamento do IGAPE.

e) Nomear, nos termos previstos no presente decreto, os vocais do Consello Asesor.

f) Calquera outra que se lle atribúa ou delegue nel o Consello de Dirección, así como aquelas funcións que non se atribúisen expresamente a outros órganos do IGAPE.

3. O presidente do IGAPE poderá delegar no director calquera función específica, sempre que esta non lle fose pola súa vez atribuída nel por delegación do Consello de Dirección.

CAPÍTULO CUARTO. O DIRECTOR.

Artigo 10º

1. O director do IGAPE será nomeado, e se é o caso cesado, polo Consello de Dirección, por proposta do seu presidente.

2. O cargo de director será incompatible con calquera actividade pública ou privada, nos termos previstos na vixente lexislación sobre altos cargos.

3. Deberá asistir ás sesións do Consello de Dirección con voz pero sen voto. Poderá exceptuarse a súa pre-

sencia cando pola materia que se vaia tratar así o requira.

Artigo 11º

1. Corresponden ó director as seguintes funcións:

- a) Dar cumprimento ós acordos do Consello de Dirección.
- b) Propoñe-las liñas estratéxicas de actuación do IGAPE, o programa anual de actividades e o anteproxecto de presupostos.
- c) Xestiona-lo IGAPE e render contas da xestión ante o Consello de Dirección, así como elabora-la memoria anual, o balance e a conta de perdas e ganancias.
- d) Exerce-la dirección administrativa e de persoal.
- e) Coordinar, inspeccionar e controla-lo funcionamento dos servizos e dependencias.
- f) Representa-lo Instituto nas sociedades nas que teña participacións.
- g) As demais funcións que sexan delegadas nel polo presidente ou polo Consello de Dirección.

2. Créase un Comité de Dirección para apoio e coordinación das funcións do director.

3. Este comité estará integrado polos directores de área do IGAPE e deberá en xeral participar na elaboración, proposta e seguimento dos programas de actuación do Instituto.

4. Ó dito comité vincularanse ata un máximo de tres expertos de recoñecido prestixio para avaliación e seguimento principalmente dos programas de maior incidencia sectorial.

5. A estrutura e funcionamento do Comité de Dirección determinaranse polo Regulamento de réxime interior do IGAPE.

CAPÍTULO QUINTO. O CONSELLO ASESOR.

Artigo 12º

1. O Consello Asesor é o órgano de consulta e asesoramento do IGAPE.

2. Estará composto polos seguintes vocais:

—Dous vocais en representación da Administración da Comunidade Autónoma, nomeados polo presidente do IGAPE de entre funcionarios con titulación superior.

—Tres vocais en representación das organizacións empresariais máis representativas dentro do ámbito da Comunidade Autónoma, nomeados polo presidente do IGAPE por proposta daquelas.

—Tres vocais en representación das organizacións sindicais máis representativas dentro do ámbito da Comunidade Autónoma, nomeados polo presidente do IGAPE a proposta daquelas.

—Un vocal en representación das tres universidades de Galicia, nomeado polo presidente do IGAPE por proposta do Consello Xeral de Universidades.

—Un vocal en representación do Consello de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeado polo presidente do IGAPE por proposta do Consello Superior de Cámaras.

—Dous vocais nomeados polo presidente do IGAPE de entre persoas de recoñecido prestixio profesional ou destacada actividade económica.

—Un vocal en representación das Caixas de Aforro galegas nomeado polo presidente do IGAPE por proposta da Federación de Caixas de Aforro galegas.

—O director do IGAPE.

3. O Consello Asesor será presidido polo presidente do IGAPE quen poderá delegar no director do Instituto.

4. Actuará como secretario do Consello Asesor quen ostente o devandito cargo no Consello de Dirección, que terá voz pero non voto.

Artigo 13º

O Consello Asesor emitirá os seus informes en sesión plenaria, que deberá reunirse cando menos unha vez cada trimestre.

Será convocado polo seu presidente, por propia iniciativa ou por petición da maioría dos membros do antedito Consello.

Os acordos adoptaranse por maioría dos asistentes, dirimindo, no caso de empate, o voto do presidente do Consello Asesor.

No non previsto no presente decreto, será de aplicación o réxime establecido con carácter xeral na lexislación de procedemento administrativo sobre funcionamento e adopción de acordos.

Artigo 14º

O Consello Asesor poderá acorda-la creación de comisións internas, permanentes ou non, de estudo e proposta, e delimitará o seu ámbito de actuación.

Cada comisión estará integrada polos vocais do Consello Asesor que el mesmo designe. Entre eles o propio Consello designará un presidente.

As comisións elevarán ó Consello Asesor en Pleno as propostas de informe que elaboren dentro do ámbito que lle asignase o propio Consello Asesor.

Artigo 15º

Correspóndelle ó Consello Asesor:

a) Coñecer e informar sobre os diversos plans e programas de actuación e, en particular, os de carácter trianual e anual, así como o anteproxecto de presupostos e a memoria anual do IGAPE.

b) Promover e impulsar tódalas actividades que faciliten o cumprimento dos fins do IGAPE.

c) Informar e asesorar en cantos asuntos lle sexan encomendados polo Consello de Dirección e o presidente.

d) Divulgar entre os axentes económicos e sociais os cometidos do IGAPE.

e) Calquera outra que se lle atribúa expresamente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os órganos que integran o IGAPF deberán constituirse no prazo de dous meses desde a entrada en vigor do presente decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA PRIMERA

Autorízase o conselleiro de Economía e Facenda para que dicte as disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación deste decreto.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA SEGUNDA

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación completa no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, doce de novembro de mil novecientos noventa e dous.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

Consellería de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 23 de outubro de 1992 pola que se convocan axudas para os traballos dos equipos de normalización lingüística e de potenciación do uso do galego nos centros educativos de educación infantil, educación primaria, xeral básica, especial e permanente de adultos, e de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional, respectivamente.

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 5º, despois de establecer que o galego é lingua oficial de Galicia, ordenalles ós poderes públicos galegos que potencien o emprego do idioma propio en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e que dispongan os medios necesarios para facilitallo seu coñecemento. O mesmo tempo, no artigo 27.20, o Estatuto de Autonomía concedeulle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva na promoción e o ensino da lingua galega.

O título III da Lei 3/1983, de normalización lingüística, establece o marco xeral para a normalización do idioma galego no ensino.

A orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 1 de marzo de 1988, concretou as medidas mínimas que os centros deben tomar para que os alumnos poidan conseguir un nivel equiparable no dominio das dúas linguas oficiais de Galicia ó remate de cada ciclo dos seus estudos.

As ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de xullo e do 24 de xullo de 1991, polas que se regulaba a organización e o funcionamento dos centros de educación infantil, primaria xeral básica, especial e permanente de adultos, e de bacharelato, formación profesional e educación secundaria profesional, respectivamente, disputan que en cada centro se tiña que constituir un equipo encargado de deseñar o plan de potenciación do uso do galego nos centros; ese plan, aprobado polo claustro de profesores e polo consello escolar, sería o que se levaría a cabo ó longo do curso escolar.

O disposto en canto ós equipos de potenciación do uso do galego nesas dúas ordes de 1991, vixentes igualmente para o actual ano académico 1992/93, lembrouse nas circulares da Dirección Xeral de Política Lingüística números 13 e 14, sobre o ensino e o uso do idioma galego nos centros de educación infantil e primaria, e de ensinanza medias, respectivamente, enviadas no mes de outubro a tódolos centros de ensino.

En virtude de todo isto, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo 1º

Convocar axudas para os traballos dos equipos de normalización e de potenciación do uso do galego nos centros de educación infantil, primaria, educación xeral básica, educación especial e educación permanente de adultos e para os equipos coordinadores do plan de potenciación do uso do galego dos centros de bacharelato, formación profesional e institutos de educación secundaria e profesional, todos eles de Galicia. Estes equipos son os constituídos de acordo co contemplado nas ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 e do 24 de xullo de 1991 (DOG do 26 e do 28 de agosto).

Artigo 2º

Para acceder a estas axudas será necesario:

a) Que o equipo estea formalmente constituído segundo o disposto na respectiva orde citada no seu artigo 1º e que o plan de potenciación do uso do galego fose aprobado polo Consello Escolar e enviado á Inspección educativa dentro do prazo estipulado.

b) Que os traballos comprendidos na planificación de potenciación do uso do galego se estean levando a cabo.

Artigo 3º

A inspección educativa encargárase de verificalo cumprimento do establecido no artigo 2º.

Artigo 4º

Entre os traballos que terán preferencia para a concesión de axudas atópanse:

a) Accions dirixidas ó perfeccionamento continuado do persoal docente e non docente do centro, co fin de mellorar a súa competencia lingüística oral e escrita para, respectivamente, a impartición das súas materias en ga-